

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2008**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 17 de decembro de 2008.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase conceder a licenza municipal de instalación de explotación de gando vacún de leite, e de licenza de obras para un almacén de maquinaria agrícola e fosa de zurro en Barbaín, Santa María de Bóveda.

Tamén se acorda conceder a licenza de instalación da actividade dun café bar na ronda de Fingoi, número 3 - baixo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a rectificación de erro no acordo número 10/1002 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2008, polo que se concedía licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar tradicional para uso de vivenda, con demolición parcial, sita no núcleo rural tradicional de Portanova + Trasfontao, parroquia de Santa María Madanela de Coeses.

Acórdase, así mesmo, conceder a licenza para a modificación da licenza número 1209/08, para parcelamento da parcela sita na parte posterior da rúa Lamas de Prado, números 120-122, e rúa Dona Urraca.

Acórdase tamén conceder licenza para as seguintes actuacións: construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Angueiro, parroquia Santo André de Castro; reforma interior e construción de dúas plantas primeira, independentes entre si, na nave existente, coa licenza municipal número 102/07, para taller de formación en soldadura e caldeirería, sita na rúa Factoría, parcela 11; construción de edificio na rúa Paulo Fabio Máximo esquina avda. Coruña, parcelas F1, F2.

Acórdase desestimar a petición de silencio administrativo positivo na solicitude de licenza para a reforma e ampliación de nave de planta baixa e planta alta sen uso, con licenzas números 532/72 e 1396/2003, sita na rúa Virxe da Esperanza, números 15-19.

Así mesmo, deixouse sobre a mesa a solicitude de licenza para modificación de naves en construción con licenzas números 1075/05 e 507/08, consistente na construción dun segundo soto e modificación total da distribución interior das naves, na avda. Benigno Rivera, esquina avda. Infanta Elena.

Acórdase tamén conceder licenza de primeira utilización para o edificio sito na avda. Vila Verde-Cidade de Portugal, número 34, amparada na licenza municipal 1109/06.

### **ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdasese aprobar as bases e convocatoria de proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de vixilante recador de prazas e mercados.

### **ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase aprobar a revisión de prezos para o período comprendido entre o 18 de novembro de 2008 e o 17 de maio de 2009 para a actualización do contrato correspondente ó servizo de prestación das actividades extraescolares e complementarias levadas a cabo pola Concellería de Educación.

Acórdase delegar na Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego a facultade de aprobar o “Convenio de colaboración entre o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), a fundación ONCE para a

cooperación e integración social de persoas con discapacidade e o Concello de Lugo (Lugo), para a realización dun proxecto de obras de accesibilidade” (fase V - 2008) e a facultade de aprobar a “Addenda ó convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a realización de actividades de implantación do plan de emerxencia municipal 2007.

Así mesmo, acórdase proceder ás seguintes contratacións: contratación da subministración e instalación de xogos infantís e pavimento continuo de seguridade no xardín de praza das Illas (Montirón) no Concello de Lugo: aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado; subministración e instalación dunha área biosaudable para xente maior no parque da Milagrosa no Concello de Lugo: aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado; subministración e instalación de xogos infantís e pavimento continuo de seguridade en dúas áreas de xogo no parque da Milagrosa no Concello de Lugo: aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto; subministración e instalación de xogos infantís e pavimento continuo de seguridade no xardín de Gallego Tato no Concello de Lugo: adxudicación provisional; subministración e instalación de xogos infantís e pavimento continuo de seguridade no xardín de Camiño de Romai no Concello de Lugo: aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado; mantemento e conservación integral das áreas de xogo infantís existentes nos parques, xardíns e zonas verdes públicas municipais da cidade de Lugo: aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto; subministración de material de oficina para o Concello de Lugo: aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto; e aprobación do proxecto modificado e adxudicación das correspondentes obras para a construción de gardería de 4 unidades na Unidade de Actuación Centro Sur 15, parcela 12.

### **ÁREA DE ALCALDÍA**

**5. ASESORÍA XURÍDICA.-** Acórdase aprobar a prórroga da póliza 25205, concertada coa compañía de seguros que cobre a responsabilidade civil

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/jch

Refª: 08extractoxg57.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2008

xeral do Excmo. Concello de Lugo, para o período comprendido entre o 1-01-2009 e o 31-03-2009.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptaronse os seguintes acordos:**

- Avogar a competencia delegada no Tenente de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade e, prorrogar, polo período de seis meses, dos contratos subscritos con traballadores da escola obradoiro “Escola Solidaria”.
- Aprobar a modificación de créditos núm. 13, mediante transferencia de crédito por importe de 74.000,00 € do Orzamento Xeral de 2008.

Lugo, 26 de decembro de 2008  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García